



RESOLUCIÓN DE INSCRIPCIÓN NO REXISTRO DE ENTIDADES COLABORADORAS DO PLAN DE PREVENCIÓN DE CONDUCTAS ADICTIVAS DE GALICIA

NOME DA ENTIDADE: Asociación de Persoas Alcólicas Adiante	
C.I.F.: G15280837	ENDEREZO: Avda. de Ferrol, s/n (Mercado Vello)
LOCALIDADE: As Pontes	PROVINCIA: A Coruña
C.P.: 15320	TELÉFONO: 981 440 498

Visto o expediente relativo á solicitude de inscrición desta Asociación no Rexistro de Entidades Colaboradoras do Plan de Prevención de Conduas Adictivas de Galicia e tendo en conta os seguintes

FEITOS

Primeiro.- A asociación de Persoas Alcólicas ADIANTE desenvolve as súas actividades no territorio da Comunidade Autónoma, e dentro daquelas, leva a cabo programas en materia de drogodependencias.

Segundo.- Os programas desenvolvidos nos servizos dos que é titular a dita asociación adecúanse aos criterios e contidos establecidos no documento do Plan de Trastornos Adictivos de Galicia.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- A Dirección Xeral de Saúde Pública é competente para acordar as inscricións no Rexistro de Entidades Colaboradoras do Plan de Galicia sobre Drogas (actualmente denominado Plan de Prevención de Conduas Adictivas de Galicia), segundo establece o artigo 4 do Decreto 74/2002, do 28 de febreiro, en relación coa disposición adicional do Decreto 58/2005, do 24 de febreiro, que modifica o anterior.

Segundo.- As entidades ou institucións que veñan desenvolvendo actividades no ámbito das drogodependencias, sempre que cumpran os requisitos esixidos legalmente, serán inscritas pola Consellería de Sanidade, segundo o establecido no artigo 3 do citado Decreto 74/2002, do 28 de febreiro, modificado polo Decreto 58/2005, do 24 de febreiro.

Vistos os preceptos legais citados e demais normativa de xeral e pertinente aplicación

RESOLVO

Inscribir a asociación de Persoas Alcólicas ADIANTE no Rexistro de entidades Colaboradoras do Plan de Galicia sobre Drogas (actualmente Plan de Prevención de Conduas Adictivas de Galicia), asignándolle o número SA 463D 2018/1.

O que se lle notifica, significándolle que contra esta resolución poderá interpoñerse recurso de alzada perante o Conselleiro de Sanidade, no prazo dun mes contado desde a súa notificación, de acordo co previsto no artigo 122 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O director xeral de Saúde Pública

Andrés Paz-Ares Rodríguez